

BIBLIOTECA DE EMILIA PARDO BAZÁN: PROCEDENCIAS

Mercedes Fernández-Couto Tella

DIRECTORA DO ARQUIVO DA REAL ACADEMIA GALEGA

A chamada Biblioteca de Emilia Pardo Bazán está integrada na Biblioteca da Real Academia Galega. Trátase da biblioteca persoal da escritora que reúne 8.000¹ volumes e que constitúe un dos máis valiosos legados da que fora Presidenta Honoraria da Real Academia Galega desde a súa fundación. A historia da súa incorporación a esta institución remóntase ao ano 1938 en que Francisco Franco pasa a ser o propietario do Pazo de Meirás, unha das máis coñecidas propiedades da familia Pardo Bazán, que albergaba dentro dos seus muros a biblioteca que pertencera á escritora. Corenta anos tiveron que pasar para que finalmente a Real Academia Galega conseguira, por parte do Ministerio de Cultura, a doazón de parte deste conxunto librario – outra parte segue estando a día de hoxe no pazo- que se conserva na sede da RAG xunto co arquivo da escritora e as pezas da súa Casa-Museo.

A case total ausencia de estudos precisos sobre a biblioteca de Pardo Bazán -sen dúbida unha moi importante fonte de documentación- levou á coñecida afirmación de que os libros que actualmente se conservan na RAG se corresponden exactamente cos do pazo de Meirás.

Non obstante, unha detida ollada sobre os oito mil volumes que agora a conforman, revela unha serie de datos indicativos de que ademais destes volumes provenientes do Pazo de Meirás, existiría, polo menos, outro conxunto con distinta procedencia. Todo parece indicar a existencia dunha pequena biblioteca pertencente á familia Pardo Bazán, formada polos herdeiros da escritora, e que estaría xa no edificio da rúa Tabernas 11 cando éste se doou á RAG. Deste xeito, a biblioteca da escritora veríase aumentada por volumes que incorporarían os seus descendentes.

Neste artigo pretendemos expor datos que avalarían esta hipótese e que, se cadra, poderían servir como un primeiro paso cara a novas investigacións.


¹ O programa informático que utiliza a biblioteca da RAG non permite facer o cálculo diferenciando entre títulos, volumes e localizacións polo que as cifras que se dan neste artigo son aproximadas e non exactas.

En primeiro lugar, un dos elementos que nos fixo dubidar da distinta procedencia dos volumes foi a súa colocación dentro da Biblioteca da Real Academia Galega. A Biblioteca Emilia Pardo Bazán aparece dividida en dous grupos de libros claramente diferenciados, un que contén 7.500 volumes, e outro, de 420. E de feito, esta primeira división establece dúas series que presentan características diferentes entre si: en primeiro lugar, e como aclararemos máis adiante, a distinta colocación dos exemplares fálanos de dúas datas de entrada diferentes. Por outro lado, no interior de cada un dos conxuntos de libros aparece un texto manuscrito a lapis. Este texto e maila caligrafía coa que está escrito, son diferentes en cada un dos grupos, o que como referiremos, apoiará a nosa hipótese. A última das pistas, pero a máis clara e contundente, que nos faría dubidar dunha única procedencia sería a presenza ou ausencia dun selo que remitiría á súa colocación dentro do Pazo de Meirás.




Selo de Meirás. BIBLIOTECA REAL ACADEMIA GALEGA

Para non crear ambigüidades chamaremos á primeira das dúas series de libros, a de 7.500 exemplares “Biblioteca de Meirás”, xa que, como intentaremos demostrar pensamos que esta é a súa verdadeira procedencia. Este primeiro grupo abrangue volumes doados de recoñecer porque, como antes indicabamos, presentan un selo en tinta vermella con forma de rectángulo que enmarca tres liñas onde se le: “librería, estante e número”. A cada unha delas correspóndelle un número arábigo. Se cotexamos esta lenda co documento procedente do arquivo da escritora que ilustra a orde da biblioteca no Pazo de Meirás, darémonos conta de que o selo fai referencia con exactitude á colocación dos volumes dentro deste edificio.



1



2

LIBRERÍA 1ª	5.457
Lib. 1ª	100
Lib. 2ª	278
Lib. 3ª	150
Lib. 4ª	388
Lib. 5ª	797
Lib. 6ª	388
Lib. 7ª	197
Lib. 8ª	388
Lib. 9ª	410
Lib. 10ª	384
Lib. 11ª	391
Lib. 12ª	514
Lib. 13ª	539
Lib. 14ª	607
Lib. 15ª	75
Mate. de las Escuelas	6
Mate. de las Escuelas	10
CAJÓN DE LA BIBLIOTECA	4.097
Librería 1ª	100
Lib. 1ª	228
Lib. 2ª	233
Lib. 3ª	538
Lib. 4ª	538
Lib. 5ª	538
Lib. 6ª	635
Lib. 7ª	635
Lib. 8ª	358
Lib. 9ª	607
Lib. 10ª	607
Lib. 11ª	60
Lib. 12ª	60
Lib. 13ª	60
Lib. 14ª	60
Lib. 15ª	60
Lib. 16ª	60
Lib. 17ª	60
Lib. 18ª	60
Lib. 19ª	60
Lib. 20ª	60
Lib. 21ª	60
Lib. 22ª	60
Lib. 23ª	60
Lib. 24ª	60
Lib. 25ª	60
Lib. 26ª	60
Lib. 27ª	60
Lib. 28ª	60
Lib. 29ª	60
Lib. 30ª	60
Lib. 31ª	60
Lib. 32ª	60
Lib. 33ª	60
Lib. 34ª	60
Lib. 35ª	60
Lib. 36ª	60
Lib. 37ª	60
Lib. 38ª	60
Lib. 39ª	60
Lib. 40ª	60
Lib. 41ª	60
Lib. 42ª	60
Lib. 43ª	60
Lib. 44ª	60
Lib. 45ª	60
Lib. 46ª	60
Lib. 47ª	60
Lib. 48ª	60
Lib. 49ª	60
Lib. 50ª	60
Lib. 51ª	60
Lib. 52ª	60
Lib. 53ª	60
Lib. 54ª	60
Lib. 55ª	60
Lib. 56ª	60
Lib. 57ª	60
Lib. 58ª	60
Lib. 59ª	60
Lib. 60ª	60
Lib. 61ª	60
Lib. 62ª	60
Lib. 63ª	60
Lib. 64ª	60
Lib. 65ª	60
Lib. 66ª	60
Lib. 67ª	60
Lib. 68ª	60
Lib. 69ª	60
Lib. 70ª	60
Lib. 71ª	60
Lib. 72ª	60
Lib. 73ª	60
Lib. 74ª	60
Lib. 75ª	60
Lib. 76ª	60
Lib. 77ª	60
Lib. 78ª	60
Lib. 79ª	60
Lib. 80ª	60
Lib. 81ª	60
Lib. 82ª	60
Lib. 83ª	60
Lib. 84ª	60
Lib. 85ª	60
Lib. 86ª	60
Lib. 87ª	60
Lib. 88ª	60
Lib. 89ª	60
Lib. 90ª	60
Lib. 91ª	60
Lib. 92ª	60
Lib. 93ª	60
Lib. 94ª	60
Lib. 95ª	60
Lib. 96ª	60
Lib. 97ª	60
Lib. 98ª	60
Lib. 99ª	60
Lib. 100ª	60

3

LIBRERÍA 2ª	630
Lib. 1ª	630
Lib. 2ª	630
Lib. 3ª	630
Lib. 4ª	630
Lib. 5ª	630
Lib. 6ª	630
Lib. 7ª	630
Lib. 8ª	630
Lib. 9ª	630
Lib. 10ª	630
Lib. 11ª	630
Lib. 12ª	630
Lib. 13ª	630
Lib. 14ª	630
Lib. 15ª	630
Lib. 16ª	630
Lib. 17ª	630
Lib. 18ª	630
Lib. 19ª	630
Lib. 20ª	630
Lib. 21ª	630
Lib. 22ª	630
Lib. 23ª	630
Lib. 24ª	630
Lib. 25ª	630
Lib. 26ª	630
Lib. 27ª	630
Lib. 28ª	630
Lib. 29ª	630
Lib. 30ª	630
Lib. 31ª	630
Lib. 32ª	630
Lib. 33ª	630
Lib. 34ª	630
Lib. 35ª	630
Lib. 36ª	630
Lib. 37ª	630
Lib. 38ª	630
Lib. 39ª	630
Lib. 40ª	630
Lib. 41ª	630
Lib. 42ª	630
Lib. 43ª	630
Lib. 44ª	630
Lib. 45ª	630
Lib. 46ª	630
Lib. 47ª	630
Lib. 48ª	630
Lib. 49ª	630
Lib. 50ª	630
Lib. 51ª	630
Lib. 52ª	630
Lib. 53ª	630
Lib. 54ª	630
Lib. 55ª	630
Lib. 56ª	630
Lib. 57ª	630
Lib. 58ª	630
Lib. 59ª	630
Lib. 60ª	630
Lib. 61ª	630
Lib. 62ª	630
Lib. 63ª	630
Lib. 64ª	630
Lib. 65ª	630
Lib. 66ª	630
Lib. 67ª	630
Lib. 68ª	630
Lib. 69ª	630
Lib. 70ª	630
Lib. 71ª	630
Lib. 72ª	630
Lib. 73ª	630
Lib. 74ª	630
Lib. 75ª	630
Lib. 76ª	630
Lib. 77ª	630
Lib. 78ª	630
Lib. 79ª	630
Lib. 80ª	630
Lib. 81ª	630
Lib. 82ª	630
Lib. 83ª	630
Lib. 84ª	630
Lib. 85ª	630
Lib. 86ª	630
Lib. 87ª	630
Lib. 88ª	630
Lib. 89ª	630
Lib. 90ª	630
Lib. 91ª	630
Lib. 92ª	630
Lib. 93ª	630
Lib. 94ª	630
Lib. 95ª	630
Lib. 96ª	630
Lib. 97ª	630
Lib. 98ª	630
Lib. 99ª	630
Lib. 100ª	630


4

Esta “Biblioteca de Meirás” está, ademais, ben documentada no Arquivo da RAG. Aínda que o conxunto librario non consta no rexistro de entradas da biblioteca, existe unha listaxe – a modo de albará – das obras recibidas en 1978 procedentes do pazo, e mesmo no arquivo persoal de Emilia Pardo Bazán hai una relación das obras da súa biblioteca. Á parte disto, e como indicamos ao principio, hai outra marca que distingue este primeiro fondo: un texto, “Biblioteca E.P.B.”, que aparece escrito a lapis en todos os volumes e que conseguimos identificar coa grafía de Jesús Sánchez García, ordenanza da Academia ata 1996. Fisicamente, esta Biblioteca de Meirás, recibe as catalogacións 19.477 - 24.784², catalogacións que foron asignadas ao incorporarse á biblioteca da RAG e marcados os rexistros con “EPB”. Dado que a biblioteca utiliza “número currens” para a súa ordenación, que as signaturas sexan correlativas indican unha mesma época e, polo tanto, que os 7.500 volumes deste conxunto remiten a un mesmo momento de ingreso.

Hai unha pequena parte desta Biblioteca de Meirás que, por estar deteriorada, incorporouse máis tarde á biblioteca, aínda que o momento de ingreso foi o mesmo. É o grupo que abrangue da catalogación 31.868 á 32.430. E mesmo deste grupo de Meirás quedan separados no soto da RAG uns catrocentos cincuenta títulos debido ao seu precario estado de conservación.

O segundo agrupamento de libros, ao que chamaremos, desde agora, “Biblioteca de Tabernas”, comporta unhas características diferentes e a súa adscrición é máis dubidosa: consta de 450 títulos e no interior dalgúns dos volumes (exactamente 205) aparece tamén unha lenda en lapis, pero o texto e maila letra son diferentes. No texto lese “D^a Emilia Pardo Bazán” e a letra que aparece é -despois de cotexala coa doutros documentos- a de Juan Naya, bibliotecario da Real Academia Galega dende 1946 ata o ano do seu pasamento, ocorrido en 1993. Os libros, ademais, non presentan ningún selo, as catalogacións van do número 25.203 ata o 25.624 e os rexistros tamén están marcados con “EPB”.

² Falamos sempre das monografías. Os folletos, que na biblioteca teñen colocación á parte, abranguen desde a signatura F-9.813 ata F-11.426 e todos se integran neste grupo de Meirás.



Selo Tabernas. BIBLIOTECA REAL ACADEMIA GALEGA

Dentro deste segundo agrupamento existe un mecanoscrito, titulado *Catálogo de la biblioteca de Santa Cruz*, no que aparecen reseñados 775 v. e que, nun principio, nos fixo pensar que quizais fose o castelo de Santa Cruz - pertencente á familia Pardo Bazán- o lugar de procedencia deste grupo. Non obstante, unha vez examinados os libros reseñados no *Catálogo da biblioteca de Santa Cruz*, cos 420 títulos da Biblioteca de Tabernas comprobamos a imposibilidade desta procedencia pois os títulos non se corresponden.

A Biblioteca de Tabernas está formada, na súa maior parte, por volumes de literatura, con datas pertencentes aos últimos anos do s. XIX e mediados do s. XX. O certo é que as propias características destes libros fálannos dunha biblioteca de ocio e familiar. O último dos datos que ofrece pistas sobre a procedencia dos volumes sería a existencia, dentro de moitos deles, de dedicatorias autógrafas dirixidas á Marquesa de Cavalcanti, a Jaime Quiroga e a Manuela Esteban Collantes. Ademais, as datas de edición dun bo número destes volumes dedicados son posteriores a 1921, ano do pasamento de Emilia Pardo Bazán.

Puidera ser entón, que esta pequena biblioteca estivera sempre na casa da rúa Tabernas, domicilio familiar da escritora e pasaría logo ás mans das

súas herdeiras. A idea non sería arriscada se temos en conta que a casa permanece en poder e uso de Manuela Esteban Collantes e Blanca Quiroga, ata que no ano 1970 falece a última delas. Este conxunto librario podería ter estado sempre no edificio ata que en 1979 este se conforma como sede da Real Academia Galega. Para corroborar esta hipótese consultamos tamén os documentos relacionados coa herdanza de Blanca Quiroga –filla da escritora e última das súas herdeiras-, e que poderían darnos pistas ao respecto. Blanca, á parte de doar o edificio, doa tamén moitos dos bens da familia (que se atopaban tanto no domicilio coruñés coma na casa propiedade da familia na rúa Goya de Madrid) para crear o museo dedicado á súa nai, deixando a escollo destes en mans dos académicos. O primeiro dos documentos que remiten a esta escollo foi o inventario que os “señores Carré, Rodríguez Yordi e Naya”³ realizan dos bens da casa da rúa Tabernas no ano 1959, amais doutros inventarios emitidos en datas posteriores, nos que se fai explícita a relación dos obxectos que a comisión designada pola RAG elixiu para a constitución do que hoxe é a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Non obstante, en ningún destes inventarios atopamos ningunha referencia aos libros que podería haber na casa da rúa Tabernas. Tampouco atopamos ningunha referencia na partición do testamento de Blanca Quiroga -que ten como beneficiaria á Real Academia Galega- e que se conserva no Arquivo do Colexio de Notarios da Coruña.

De todo os xeitos, os datos que posuimos parecen seguir apuntando á nosa primeira hipótese: que non todos os volumes que forman parte da hoxe denominada Biblioteca Emilia Pardo Bazán proceden do Pazo de Meirás. Unha parte deles estarían xa na casa que hoxe é sede da RAG configurando unha biblioteca que os herdeiros da condesa manterían e enriquecerían, e que pasaría á Academia no momento no que se fai efectiva a doazón da casa. Segundo a nosa hipótese a Biblioteca de Emilia Pardo Bazán sería, entón, a unión dunha pequena biblioteca familiar, cunha gran parte da biblioteca que a escritora tiña en Meirás, onde aínda queda parte dela. Todos estes volumes xuntáronse na Biblioteca da Real Academia Galega. O estudo exhaustivo desta biblioteca, que aínda está sen facer, podería ofrecer máis datos sobre o tema e respondería, sen dúbida, a moitas das cuestións que hoxe nos facemos sobre a historia da familia Pardo Bazán.

³ ARAG “Expediente de doazón da casa e de bens pertencentes á familia Pardo Bazán”.

Por último, e sen relación con a biblioteca Pardo Bazán, existe un pequeno catálogo de trinta e catro rexistros e 131 volumes, que reflicte os libros que decoraban as distintas dependencias na segunda etapa do museo Emilia Pardo Bazán. Estes libros escolléronse do fondo xeral da RAG e tamén da biblioteca EPB, pola fermosura das súas encadernacións e hoxe están de novo incorporados a Biblioteca da RAG.